



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Publicado en *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*
(<http://www.edu.xunta.gal/portal>)

[Inicio](#) > Educación contrata as obras de ampliación do IES Francisco Asorey, en Cambados, por 769.000 euros

Educación contrata as obras de ampliación do IES Francisco Asorey, en Cambados, por 769.000 euros

Idioma

Gallego

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acaba de formalizar o contrato para levar a cabo as obras de ampliación do IES Francisco Asorey, en Cambados, por un importe de 768.989,15 euros, tal como publica hoxe o Diario Oficial de Galicia (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170215/AnuncioG0164-020217-0001_gl.html ^[1]).

Unha vez formalizado o contrato, a Consellería está a espera de obter a licenza municipal pertinente para realizar as obras. En calquera caso, a complexidade da actuación (que inclúe o desmonte de parte da cuberta existente, e a cimentación e reforzo da estrutura, entre outros) aconsella que os traballos se leven a cabo fóra do horario lectivo. De tal xeito, para garantir a axilidade e a seguridade das obras, a Consellería prevé que comecen no mes de xuño, sempre e cando se dispoña da autorización municipal.

O obxectivo da actuación é dar resposta ás necesidades de escolarización deste centro, concretamente no referido á formación profesional. Non en balde, as obras teñen como principal función acoller a FP Básica e mais a adaptación dos ciclos profesionais a 2000 horas. Así mesmo, levaranse a cabo distintas melloras nas instalacións existentes na totalidade do centro educativo.

A obra iniciárase co reforzo estrutural da edificación e a demolición dunha parte da cuberta existente para proceder á construción de novos espazos destinados a aulas e espazos polivalentes. A ampliación, que se realizará no segundo andar da edificación actual, contempla a construción de 2 aulas polivalentes, 3 aulas taller e 2 aulas de dobre, en total 7 novas aulas, ademais de aseos adaptados para o profesorado e almacén de limpeza, nun total de 656,90 m². Ademais, faranse as melloras necesarias para facilitar o acceso ao novo volume e para integralo no conxunto do edificio actual

A obra está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixe 10, obxectivo específico 10.05.01. (expediente ED 31/16-O).

[Construcións e melloras](#) ^[2]

[Ensinanzas de réxime xeral](#) ^[3]

[Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria](#) ^[4]

[Centros](#) ^[5]



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
[Oficina de Rexistro e Información](#) | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#) | [Atendémolo/a](#) |

[RSS](#)



URL fonte: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/21237>

Ligazóns:

[1] https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170215/AnuncioG0164-020217-0001_gl.html

[2] <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/240>

[3] <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/218>

[4] <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/206>

[5] <http://www.edu.xunta.gal/portal/schools>